Deputación Pontevedra

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

MBD/Ra/Ms/Af

Deputación Pontevedra
Data Rexistro: 07/08/2026 18:30:22
Nº Rexistro: 2026000798
SAÍDA

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 31 de xullo de 2026, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas pola Sra. Deputada Ana Laura Iglesias González.

21.8711.- ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente.- E rematamos cos rogos e preguntas. ...

...

Sr. Presidente.- Ten a palabra Ana Laura Iglesias, do Partido Socialista.

Sra. Iglesias González, Ana Laura.- Grazas. E a primeira das nosas preguntas é a seguinte: Cando pensa o Goberno provincial asinar o convenio que Adif lle remitiu a esta institución o pasado 18 de marzo e que todavía sigue agardando pola asignatura desta Deputación? E a seguinte pregunta, é cando vai o Goberno provincial a reunirse co alcalde de Vilaboa despois das numerosas solicitudes que lle ten feito a este Goberno para falar do lamentable estado das estradas provinciais ao seu paso polo Concello de Vilaboa? Gracias.

Sr. Presidente.- Moi ben, pois non habendo máis rogos e preguntas, damos por finalizado este Pleno. No mes de agosto, como é de costume, non haberá Pleno ordinario e o primeiro, o que se debería celebrar en agosto, será celebrado o venres 11 de setembro, moitas grazas. Igualmente.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.
A Secretaria,
(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

Dña. Ana Laura Iglesias González - Carmen Bugallo Monteagudo(Gabinete de Presidencia).- Ignacio Virel Sánchez(Gabinete de Presidencia).- Presidencia.-

Firmado por: GABRIEL JUAN RODRÍGUEZ ALONSO - ***7731**
Cargo: Secretario/a Accidental
Data: 07/08/2026 12:24

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):C0LY7NK7VVM61KOX

Deputación Pontevedra

Preguntas efectuadas pola voceira do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, Dona Ana Laura Iglesias González, na sesión ordinaria do pleno da Corporación Provincial da Deputación de Pontevedra celebrada o día 31 de xullo de 2026:

1ª PREGUNTA:

¿Cando pensa o Goberno provincial o convenio que Adif lle remitiu a esta institución o pasado 18 de marzo e que todavía sigue agardando pola sinatura desta Deputación?

RESPOSTA:

Este Goberno provincial foi quen de desbloquear e facer avanzar un proxecto que durante anos non pasara do ámbito das intencións e das declaracións de vontade: a creación dunha Vía Verde entre Arcade e Pontevedra.

Estamos ante un proxecto estratéxico para a provincia, tanto pola súa dimensión ambiental e de vertebración territorial como pola oportunidade que ofrece para recuperar e poñer en valor un trazado ferroviario en desuso desde a entrada en servizo da liña de alta velocidade. Pero para que unha oportunidade se converta nun proxecto real é necesario traballar e negociar, e iso é precisamente o que está facendo este Goberno provincial.

Foi este Goberno quen liderou o proxecto, iniciou as xestións necesarias con ADIF e conseguiu alcanzar un acordo que permite dispoñer dos terreos para facer posible a futura Vía Verde. Ese acordo é o que permite pasar dunha aspiración a un proxecto que hoxe xa conta cunha vía administrativa para facerse realidade.

En relación co convenio entre ADIF e a Deputación de Pontevedra, estanse a completar os trámites administrativos e técnicos necesarios para poder formalizalo con todas as garantías. O expediente está actualmente en tramitación polos servizos competentes da institución, incluíndo os traballos necesarios para analizar o trazado e estudar as distintas alternativas para o deseño da futura senda.

A sinatura terá lugar unha vez completada a tramitación administrativa e cumpridos os trámites preceptivos.

Convén lembrar que o importante non é só asinar un convenio, senón conseguir que o proxecto avance, e iso é o que este Goberno provincial conseguiu facer, desbloqueando unha actuación que levaba anos sen materializarse e poñer en marcha os traballos necesarios para que a Vía Verde entre Arcade e Pontevedra poida ser finalmente unha realidade.

2ª PREGUNTA:

¿Cando vai o Goberno provincial a reunirse co alcalde de Vilaboa despois das numerosas solicitudes que lle ten feito a este Goberno para falar do lamentable estado das estradas provinciais ao seu paso polo Concello de Vilaboa?

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):LDOOIKJQYB1TU5J8

Deputación Pontevedra

RESPOSTA:

A Deputación de Pontevedra, co seu presidente á cabeza, pasou páxina da etapa de sectarismo do anterior goberno provincial e mantén unha relación permanente, próxima e leal cos 61 concellos da provincia, con independencia da súa cor política. Esa é a forma de entender a cooperación institucional deste goberno provincial e supón un cambio claro respecto da etapa anterior, na que, como é coñecido, máis de cinco alcaldes populares da provincia non tiveron nin sequera a oportunidade de reunirse coa Presidencia da Deputación para abordar cuestións que afectaban directamente aos seus veciños e veciñas.

Neste mandato, o presidente da Deputación mantivo reunións con todos os alcaldes e alcaldesas da provincia, incluído o alcalde de Vilaboa. Ademais, a comunicación cos concellos é constante e canalízase tanto a través da Presidencia como das distintas áreas e servizos da institución.

A Deputación está, como sempre, dispoñible para todos os alcaldes e alcaldesas co fin de manter as reunións que sexan necesarias cando sexa preciso abordar cuestións concretas e valorar as actuacións que correspondan.

Pero cómpre lembrar tamén que a política de infraestruturas desta Deputación non se fai a golpe de titulares nin se limita a manter reunións, senón que se fai traballando todos os días, planificando actuacións e destinando recursos á conservación e á mellora da rede viaria provincial.

E nese labor ten un papel fundamental o Servizo de Infraestruturas da Deputación, que realiza diariamente un importante traballo de conservación e mantemento das estradas provinciais, atendendo ás necesidades da rede e actuando para garantir as mellores condicións posibles de seguridade e circulación.

A ese traballo ordinario súmanse os proxectos de mellora que este Goberno provincial promove de maneira continua, con actuacións de renovación de firmes, mellora da seguridade viaria, acondicionamento de intersección, creación e mellora de itinerarios peonís e incorporación de novas medidas para favorecer unha mobilidade máis segura e sostible no conxunto da provincia de Pontevedra, segundo criterios técnicos e cunha planificación das actuacións en función das necesidades da rede.

Este Goberno non entende a cooperación cos concellos como unha cuestión de cores políticas nin de fotografías. Enténdea como unha obriga institucional. E iso é o que está facendo, traballando cada día para manter e mellorar as estradas provinciais e para dar resposta ás necesidades dos concellos e da veciñanza.

Asinado dixitalmente.

Luis López Diéguez

Presidente

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 11/09/2026 11:23

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):LDOOIKJQYB1TU5J8